



DELEGACIÓN EPISCOPAL DE APOSTOLADO SEGRAR

Vázquez Varela 54, sala san Roque, 36204 -VIGO

Tlf.: 660 257 548 / deastuivigo@gmail.com / xanxogonz@hotmail.com

Vigo, 06 de maio de 2021

A atención dos párrocos, axentes de pastoral e responsables de movementos apostólicos.

Benqueridos irmáns e amigos no Señor: Un ano máis, con motivo da solemnidade de Pentecostés, que este ano celebraremos o vindeiro domingo día 23 de maio, estamos convidados a celebrar a **Xornada da Acción Católica e o Apostolado Segrar**. Do mesmo xeito que o ano pasado viviremos esta xornada aínda coa persistente ameaza da pandemia do Covid-19 sobre nós, as nosas familias, comunidades e sobre toda a humanidade. O Espírito Santo, que nos fai superar divisións sociais, políticas e económicas, chámamos a compartir a dor cos que sufriron e sofren polos efectos do contaxio, pola morte de tantos seres humanos e as súas familias rotas pola tristeza, e polas consecuencias cada vez máis alarmantes da situación socioeconómica que afecta a tantas familias. Unidos na oración e o apostolado misionero, a toda a Igrexa e as xentes de boa vontade, marcaremos un camiño de esperanza na nebulosa da dor.

Co eco da Encíclica do papa Francisco, *Fratelli tutti*, e do pasado Congreso Nacional de Leigos, o lema proposto para a Xornada é ben significativo: **“Os soños constrúense xuntos”**. Unha fermosa invitación a vencer o desánimo e a camiñar xuntos, con toda a igrexa, con toda a humanidade. Na xustificación da elección deste lema, os bispos da Comisión Episcopal de Apostolado Seglar dinnos na súa mensaxe que “neste contexto actual, marcado pola pandemia, tócanos seguir remando como Igrexa, co desexo de facer realidade eses soños expresados no Congreso de Laicos, que nos convidaban a percorrer a senda do discernimento e da sinodalidad... Trátase de soños que teñen unha dobre dimensión: *ad intra* da Igrexa e *ad extra*, cara á realidade do noso mundo actual”

Polas circunstancias que todos estamos a vivir, os materiais e as actividades da campaña deste ano son máis limitados que outros anos. Con esta carta, acompañovos o **cartel da xornada** e un **subsídio litúrxico** para a Eucaristía do día de Pentecostés (en castelán e en galego). Estes materiais e outros os poderedes atopar en formato dixital nas páxinas *web* do Bispado e da Conferencia Episcopal Española, así como no *Facebook* da Delegación Episcopal de Apostolado Seglar.

Como acto central da campaña deste ano, o Sr. Bispo convidanos a participar na **VIXILIA DIOCESANA DE PENTECOSTÉS** que presidirá o sábado, día 22 de maio, ás 8.00 da tarde na Parroquia do Sagrado Corazón de Xesús de Vigo.

Como os apóstolos unidos na oración con María, queremos vivir un renovado Pentecostés para animarnos, ilusionarnos e fortalecer os nosos soños na vivencia persoal fe e na tarefa cristiá do apostolado. Feliz festa do Espírito!, que derrame abundantemente a súa fortaleza e caridade sobre nós, comprometidos na conversión pastoral e misionera dunha Igrexa en saída cara ao encontro, en Cristo, con toda a humanidade. Att.:

Juan José González Estévez
Delegado Episcopal de Apostolado Seglar